

Un pequeno detective

1º ESOA. Autor: Antía Pérez Carballo

2º Premio: Prata

1º Ciclo de E.S.O.

VIII CERTÁMEN LITERARIO "LETRAS DE BABEL"

1º ESOA. Autor: Antía Pérez Carballo.

“Un pequeno detective”

Nunha casa no campo vivía co seu pai un neno chamado Antón. Encantáballes xogar aos detectives.

–Eu de maior quero ser detective –dicía sempre Antón.

–Claro, fillo, ti serás o que ti queiras –contestáballe sempre o pai.

Pero na escola non era así. Todos os nenos se burlaban del.

–Algún día serei detective, xa o veredes! –insistía Antón.

–O Antón está tolo!! –burlábanse os compañeiros.

Un día, o seu pai púxose moi enfermo, botou así moito tempo.

–Pai, non quero que morras.

–Non te preocupes, Antón.

–Con quen quedarei? –preguntou o neno.

–Coa avoa na cidade. Ela coidarate –contestou o pai.

Ao pouco, o home morreu. Ao día seguinte, pola mañá, Antón preparouse para viaxar no tren á cidade. A súa tía acompañaríao na viaxe. De camiño á estación, a tía regaloulle a Antón uns libros de detectives.

–Toma, para ti, un libro de Sherlock Holmes e outro de Kogoro Akechi. Estes libros eran do teu pai. Seguro que lle gustaría que ti os tiveses.

–Grazas, lereinos no tren –agradeceu o neno.

–Ti non querías ser detective? –preguntou a tía.

–Si, pero os compañeiros do colexio burlanse de min e non sei se o conseguirei, é moi difícil –contestou.

–Claro que poderás, Antón, non lle fagas caso a eses nenos. Ti serás un gran Sherlock Holmes –animouno a tía.

Axiña chegaron á estación e axiña veu a hora de partir. Ao subir ao tren, Antón reparou nuns homes vestidos de negro, acorporados e fortes. Un deles levaba un maletín negro.

–Senta aquí, Antón –díxolle a tía.

Antón sentou e comezou a ler nos libros. Despois de media hora dixo:

–Podo ir ao baño?

–Claro –contestou a tía.

Antón, de camiño ao baño, atopou os homes de negro. Sen chamar a atención, seguiunos ata o restaurante.

–Esperan a alguén, pero a quen? –preguntouse Antón.

–Que fas aquí!? –berrou a tía.

–Emmmm..., nada, tiña fame –contestou sobresaltado Antón.

–Pero, se comemos hai un intre –díxolle a tía.

Ao voltar ao seu asento, decatouse de que aqueles homes estaban sentados detrás del. Os homes falaban e Antón escoitou con atención.

–Foi un intercambio doado –dixo un.

–Shhhh..., non fales tan alto –dixo o outro.

–Tranquilo, non nos escoita ninguén. Catrocentos millóns só por pasar o maletín. Que é o que contén?

–Información sobre o ouro.

–Ouro? –sorprendeuse o primeiro.

–Se a utiliza ben, poderá conseguir máis de catrocentos millóns. Por iso se aledou tanto. Xa volveu ao seu asento e estará sorrindo contemplando a paisaxe, que será o último que vexa.

–O último que vexa? –preguntou estrañado.

–Xa non nos serve para nada. Puxen unha bomba no maletín. A explosión será as 15:10.

–É unha bomba de tempo?

–Non, a esa hora activarase sen darse conta. Dez segundos despois de activada, todo o tren...

–...Será historia –murmurou Antón.

–De que historia falas? –preguntoulle a tía.

–Emmmm..., lembro que teño que preparar un exame de historia –contestou Antón ao tempo que comprobaba que os homes xa non estaban.

–Debo atopar o pasaxeiro que ten o maletín negro, pero, hai centos de pasaxeiros –pensou Antón.

Antón creu que o mellor sería contarllelo aos maquinistas para que parasen o tren. Sen perder un minuto, correu cara a locomotora. Cando chegou alí e lles contou todo o que sabía aos maquinistas, estes non lle fixeron caso e botárono fóra da locomotora.

O tren fixo a penúltima parada. Os homes de negro apeáronse. Antón decidiu actuar pola súa conta. Decatouse de que cando vira os homes co maletín, ían cara ao vagón restaurante e cando volveron, traían un maletín distinto. O intercambio debeu facerse alí.

Antón dirixiuse rapidamente ao vagón restaurante para preguntarlle a algún camareiro se vira falar aqueles homes con alguén.

–Viu vostede dous homes de negro por aquí? –preguntou Antón.

–Si, estiveron aquí tomando un café cunha señorita moi ben vestida –respondeu o camareiro.

–Podería darme máis detalles da señorita?

–Si claro, era loira de cabelo curto; vestía un traxe vermello de cóctel; é fácil de recoñecer –respondeu o camareiro.

Sen perder tempo, Antón dispúxose a percorrer o tren na procura daquela muller. Andou seis dos oito vagóns e, no sétimo, encontrouna. Eran as 15:00 h e o tempo estaba a piques de rematar. Sen pensalo moito, Antón arrincoulle o maletín da man á muller, abriu unha das ventás do tren e chimpouno fóra.

–Que estás facendo!!? Estás parvo!!? –berrou a muller.

Antón non tivo tempo de responder porque unha violenta explosión sacudiu o tren. A bomba estoupara. A muller comprendeu entón todo o que acontecera. Antón non só lle salvara a vida a ela, senón que salvara a vida de todos os pasaxeiros.

O tren detívose. Agora o caso xa era cousa da policía. A Antón agardábao a súa avoa. Unha nova vida comezaba para el.